



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 1 DE FEBREIRO DE 2019

LICENZAS

FAVORABLES.-

LIC/1143/2018.- ALBA OTERO BREA.- Conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Santa Teresa Jornet (de), 1.

LIC/1186/2018.- MARÍA NIEVES VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ E JOSÉ MANUEL VÁZQUEZ ROMERO.- Conceder licenza para construción dunha vivenda unifamiliar na finca situada en el lugar San Martiño de Laraño.

1.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar na rúa Santa Teresa Jornet (de), 1. LIC/1143/2018. Apróbase a proposta.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á concesión de licenza para construción dunha vivenda unifamiliar na finca situada en el lugar San Martiño de Laraño. LIC/1186/2018. Apróbase a proposta.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda, Mobilidade e Relacións Veciñais relativa ao rexeitamento da reclamación de indemnización formulada pola empresa Proyectos e Inmuebles de Galicia, S.L. no procedemento de expropiación do SUNP-11 (Castiñeiriño). Acórdase rexeitar o recurso de reposición formulado por PROINGA contra o acordo da Xunta de Goberno de 23/11/2018 que rexeitou a solicitude de evolución dos ingresos realizados pola citada mercantil a favor de Emuvisa no procedemento de expropiación do SUNP-11 do Castiñeiriño.

4.- Dar conta pola concelleira delegada de Deportes dos criterios xerais para establecer a programación de uso estable estable para a tempada 2018/19 de diversos equipamentos deportivos. Dáse conta.

5.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á rectificación do acordo da sesión de 30.11.18, de concesión de bonificación a varios inmobles no imposto sobre o valor dos terreos de natureza urbana. Apróbase a proposta.

6.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á devolución da fianza complementaria no contrato de "prestación do servizo de conservación, mantemento, reposición e nova implantación de sinalización horizontal e vertical do termo municipal". Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á declaración de caducidade da resolución do contrato de "reparación da rúa Pedreira e anexas. POS 2015", e incoación dun novo expediente de resolución. Acórdase declarar a caducidade do expediente de resolución do contrato formalizado coa empresa Construcciones RAFER SL e incoar un novo expediente de resolución do contrato. Dáselle audiencia ao contratista e á entidade avalista, Banco Pastor, por un prazo de 15 días hábiles.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa ao inicio dun expediente por incumprimento do contrato de

"obras de rexeneración do pavimento de calzada do eixo das rúas Ponte Marzán-Sandino-Cruceiro de Sar". Acórdase o inicio dun expediente por incumprimento do contrato. Dáselle audiencia á empresa contratista, Asfalgal Técnicas Viarias SL por un prazo de 15 días hábiles con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan pola demora acumulada na execución dos traballos

9.-Proposta da concelleira delegada de Mercados relativa ao traspaso da caseta da Praza de Abastos CE025 da titularidade de dona Alba Mariño Iglesias, a favor de "La Flor 25, SL". Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural, Mantemento e Obras para o Equilibrio Territorial relativa á desestimación do recurso interposto por Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA e Elsamex SAU contra a adxudicación do contrato do Servizo para a execución de diversas operacións de conservación, mantemento e reparación de pavimentos nos viarios do termo municipal, excluído o recinto intramuros. Dase conta da interposición de recurso especial de contratación interposto polas empresas Eulogio Viñal Obras y Construcciones SA Elsamex SAU, e dase conta da resolución do TACGAL pola que se suspende o procedemento de contratación. Acórdase tamén dar traslado da documentación solicitada polo TACGal así como do contido do informe elaborado á vista do recurso no que se solicita a desestimación do mesmo.